

Convocatoria de folga para o persoal sanitario dos PACs da área de Vigo

Os sindicatos **CIG, CCOO, UGT e CEMS** convocan aos profesionais médicos e de enfermería dos PACs da área de Vigo a unha folga os días 22, 23 e 24 de xuño. Os motivos desta convocatoria son os mesmos que CIG-Saúde xa viña denunciando desde hai meses, a situación de discriminación e de precariedade que estes profesionais sofren: xornada anual excesiva, non recoñecemento de nocturnidade e festividade, obrigatoriedade de substituír aos compañeiros en ausencias como vacacións, permisos, baixas. O grave déficit de facultativos, moi acusado na área sanitaria de Vigo condiciona moitos dos problemas destes profesionais e é o que fixo necesaria a convocatoria de folga dada a nula resposta do Sergas as mobilizacións previas do colectivo.

Táboa reivindicativa

1. Aplicación da xornada efectiva anual de 1430 horas (ou a existente en cada momento para o traballo eminentemente nocturno), e da súa correspondente xornada máxima en termos mensuais (130 horas).
2. Garantía do carácter neutro dos períodos de IT a efectos do cómputo de xornada, no sentido de considerar como realizadas a todos os efectos as horas asignadas nese período.
3. Determinación das regras que fagan efectiva a voluntariedade na realización de horas que excedan a xornada ordinaria máxima, así como da compensación diferenciada segundo sexan horas de PAC ou horas de UAP.
4. Publicación dos calendarios anuais, e medidas que garanten o reparto equitativo de quendas entre todas as persoas que presten servizos no PAC.
5. Axustes nos calendarios que garantan a libranza dun fin de semana ao mes como mínimo.
6. Aplicación dos complementos retributivos asociados ás condicións de traballo en noites (nocturnidade), en domingos/festivos (festividade), e en franxas horarias que abarquen máis dunha quenda (turnicidade).
7. Implantación dun complemento retributivo fixo asociado á especificidade da atención da urxencia.
8. Provisión efectiva da manutención en todos os PAC e en todas as quendas, e revisión da compensación económica na súa ausencia.
9. Medidas que garanten a protección efectiva e o exercicio dos dereitos vinculados ao embarazo, a maternidade e a lactancia.
10. Inventario e plano de dotación de material e equipamento para todos os PAC, incluída a dotación informática precisa para o acceso e o manexo da información clínica.
11. Dotación de persoal non sanitario en todas as quendas, sen prexuízo da dotación de persoal de seguridade para o exercicio das súas propias funcións onde se considere necesario.
12. Programación de actividades formativas especificamente dirixidas aos profesionais dos PACs de forma periódica.
13. Establecemento dun sistema regrado e retribuído para a cobertura de imprevistos fora do horario programado e dentro do ámbito de cada PAC, de aplicación a facultativos.